

A CTNL convoca a segunda edición dos Premios Mil Primaveras, destinados a proxectos de posta en valor e fomento do galego

A Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) convoca os [II Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego](#) co obxectivo de **recoñecer e proxectar o traballo ben feito no ámbito da normalización lingüística**, valorar e difundir proxectos positivos e seleccionar boas prácticas que poden servir como modelos.

[17 de febreiro de 2020]

A Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) convoca a segunda edición dos [Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego](#), iniciativa que naceu en 2019 para recoñecer **accións, campañas, proxectos e programas concretos que teñen como obxectivo promover o uso e o prestixio da lingua**.

Os **obxectivos** desta convocatoria son:

- **Difundir o labor ilusionante e necesario de promoción da lingua** que desenvolven servizos de normalización lingüística, equipos de normalización e dinamización lingüística, asociacións e outras entidades públicas e privadas.
- **Valorar e espallar o bo traballo que se fai no campo da normalización lingüística.**
- **Compilar accións, proxectos, programas ou campañas que poidan servir como modelos ou ser inspiradoras** para novas accións.
- **Transmitir unha imaxe positiva do labor de promoción do uso e prestixio da lingua e promover** que sexa unha tarefa mellor coñecida, comprendida e apreciada socialmente.

En que consisten os Premios Mil Primaveras?

Os [premios](#) recoñecerán **accións, programas, campañas, proxectos etc.** que teñan como obxectivo a **promoción do uso e do prestixio da lingua galega**. Poderán ser candidatos os proxectos que tivesen vixencia, total ou parcialmente, en **2018, 2019 ou 2020** (até a data de finalización do prazo de inscrición).

Para abranguer propostas diversas e diferentes colectivos e ámbitos sociais, os premios contarán con **seis categorías**:

- **Premio ao mellor proxecto estabilizado:** escollerase entre aqueles que se leven desenvolvendo durante, polo menos, cinco anos.
- **Premio ao mellor proxecto novo:** escollerase entre aqueles nados en 2018 ou despois.
- **Premio á mellor comunicación e impacto:** escollerase entre aqueles que acaden un grande impacto social e que supoñan un modelo positivo de comunicación.
- **Premio ao proxecto máis innovador:** escollerase atendendo á innovación da súa maneira de intervir, da súa linguaxe, do seu ámbito de actuación etc.
- **Premio ao mellor proxecto de fomento do galego na infancia e/ou mocidade:** escollerase entre aqueles que teñan como obxectivo principal a socialización en galego da infancia ou da mocidade, como poboación destinataria prioritaria na normalización lingüística para garantir o futuro da lingua.
- **Premio ao mellor proxecto de fomento do galego nun ámbito sectorial** (por exemplo, no ámbito socioeconómico, no das novas tecnoloxías, no audiovisual etc.): escollerase entre aqueles que teñen como obxectivo principal a procura do incremento do uso e/ou prestixio do galego nun ámbito sectorial concreto.

Os Premios Mil Primavera **non teñen dotación económica**. Consistirán no **recoñecemento e na ampla difusión das accións, programas ou proxectos escollidos polo xurado**. Para axudar a dar a coñecer os proxectos premiados, organizarase un **acto público de entrega** e as [candidaturas seleccionadas polo xurado](#) estarán dispoñibles para a súa consulta detallada no web www.milprimaveras.gal. Tamén se difundirán os proxectos premiados a través das canles habituais de difusión da CTNL (redes sociais, web etc.).

Participación, inscricións e prazo

A **participación** nos premios é **voluntaria** e a presentación dos programas de normalización lingüística candidatos deben facela **as propias entidades que os desenvolveron**, pois só elas poden describir de forma detallada os **aspectos técnicos da súa planificación, xestión, execución e avaliación**.

Todas as candidaturas deberán ser de programas, proxectos ou accións xa desenvolvidas e con vixencia total ou parcial en 2018, 2019 ou 2020. Non se valorarán propostas de accións pendentes de levar a cabo nin se premiarán traxectorias de institucións, senón proxectos desenvolvidos

nalgún/s dos anos indicados. Tampouco se poden presentar aos II Premios Mil Primavera os proxectos premiados na edición anterior.

A inscrición faise a través dun [formulario](#) dispoñible en www.milprimaveras.gal. Os proxectos deben **presentarse por separado** sen que haxa límite no número de candidaturas que se poden rexistrar, sempre que cumpran cos requisitos da convocatoria. A inscrición de cada proposta faise de maneira xeral aos premios; polo tanto, non **cómpre escoller ningunha categoría concreta**.

O **prazo** para inscribir proxectos está aberto **do 17 de febreiro ao 5 de abril de 2020**.

Xurado e criterios de valoración

Nomearase un **xurado** que avaliará as candidaturas presentadas e escollerá as premiadas de acordo coas categorías e criterios que se establecen nas [bases](#). O xurado estará formado por técnicos/as de normalización lingüística, responsables de equipos de normalización e dinamización lingüística e persoas que teñan experiencia en dinamización lingüística. Será nomeado pola CTNL e non poderán formar parte del promotores/as de accións candidatas.

Primeira edición dos Premios Mil Primavera

No ano 2019 tivo lugar a primeira edición destes premios, que serviu para recoñecer **seis proxectos de normalización lingüística** que se poden [consultar en detalle no web](#): Modelo Burela (IES Perdouro), Falemos de ti e min (IES de Soutomaior), Desafío 48 h (IES María Casares de Oleiros), Proxecto Youtubeir@s (13 concellos, a Deputación da Coruña e as tres universidades), Eu presumo de galego (IES de Melide) e GCiencia.

Os II Premios Mil Primavera **promóveos e organízaos a CTNL coa colaboración económica da Deputación Provincial de Pontevedra**.

+Info:

- Para máis información pódese contactar coa presidenta da CTNL, Anxos Sobriño, a través do teléfono 629571950 ou nos enderezos electrónicos presidencia@ctnl.gal e inf@ctnl.gal
- Web dos premios: <https://milprimaveras.gal/>
- Web da CTNL: <https://ctnl.gal>